

PRESENTACIÓN DOS LIBROS

Presentación o mércores 12 de xaneiro de 2011, ás 20.00 h,
na Biblioteca de Poesía ñUxío Novoneyraö
(Pazo de Vila Melania, Vilaboa).

Interveñen:

Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.
Carlos Pereira Martínez, historiador.
Xoán Abeleira, poeta e tradutor.



**POR XOÁN
ABELEIRA,
TRADUTOR.**

Presentación

A Biblioteca de Poesía ðUxío Novoneyraö inicia as súas actividades do ano 2011 coa presentación de dous libros, *Poesía completa*, de Sylvia Plath, e *El azor en el páramo*, de Ted Hughes, publicados por Bartleby Editores, e traducidos polo poeta, narrador e tradutor Xoán Abeleira.

Xoán Abeleira é unha persoa moi vencellada a Culleredo, de onde é orixinaria parte da súa familia.

Creemos que será unha fermosa velada poética, á que todos estades convidados.

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

Datos biográficos:

Xoán Abeleira Álvarez naceu en Maracay (Venezuela) en 1963. Fillo de emigrantes galegos, en 1973 a súa familia volta a España, instalándose en Madrid, onde Abeleira inicia a súa andaina coma poeta, narrador, tradutor, músico, xornalista e crítico literario.

En Madrid publica os seus primeiros poemarios *Umbral del Centinela/La piel iluminada* (Olifante, 1997), -volume dobre nomeado aos premios Ícaro de Literatura do *Diario 16-*, *Identidades* (Hiperión, 1998) e *Nueve motivos para un obsequio* (Mandala, 2001, unha obra realizada canda a pintora brasileira Lourdes Parente). En Madrid estréase tamén coma autor de literatura para nenos, coa serie *Las aventuras de Nunavut*, publicados por Hiperión, pola que é elixido ðautor do mesö na revista CLIJ.

En Madrid estuda teatro con José Carlos Plaza e William Layton, dirixe unha montaxe baseada en dúas pezas curtas de Tennessee Williams (*Querencia*, estreada no Teatro del Mercado de Zaragoza), crea un grupo musical, ðLa Repúblicaö, con disco homónimo, traballa coma xornalista (*Cuadernos Hispanoamericanos*, *El Urogallo*, *Diario 16*, *El Público*) e como guionista na TVE.

En 1999 trasládase á Coruña. Esa volta ao país onde naceran os seus pais impulsao a tomar a decisión de escribir exclusivamente en galego. A

partir dese momento publica *Magnalia* (un ðlibro de artistaö creado coa poeta Olga Novo e a pintora e poeta Alexandra Domínguez, e publicado por Espiral Maior), *Animais Animais* (con dúas versións distintas: unha en Espiral Maior e outra, bilingüe e ampliada, en Bartleby Editores), unha nova versión da serie *As aventuras de Nunavut*, en Edicións Xerais, e un ensaio lírico e fotográfico verbo da obra e da figura de Man, ðo alemán de Camelleö, titulado *A pegada de Man*, tamén publicado por Edicións Xerais. O seu último poemario, publicado en 2010, é *As nosas sombras no Xardín de Serralves* (Franouren).

Participou na dobre estrea (A Coruña e Vigo) do concerto "Música para un Ouveo" -"Música para un Aullido", unha obra para quinteto e recitador creada polo compositor galego Borja Costa a partir do célebre poema de Allen Ginsberg, traducida (ao galego e ao castelán) e interpretada polo propio Abeleira. Na actualidade, 2010, está a realizar un proxecto tipo "spoken word", no que mestura poesía, teatro e música, xunto a músicos galegos e senegaleses.

Colabora coma columnista e crítico literario en xornais como *La Opinión* da Coruña e *El País*.

O seu labor coma tradutor abarca xa máis dunha trintena de nomes, que viron a luz en editoriais como Hiperión ou Circe, entre os que salientan os de Rimbaud, Apollinaire, Breton, Desnos, Char, Artaud, Michaux, Rabearivelo, Esteban, Bonnefoy, Shelley, London, Berger, Ginsberg, Hughes ou Plath: destes dous últimos, *Poesía Completa* de Sylvia Plath (Bartleby Editores, ao castelán) e *El azor en el páramo*, de Ted Hughes (Bartleby Editores, ao castelán).

